


Parque Rosalía Lectura de poemas

Alumnos do colexio Rosalía de Castro de Lugo achegáronse ata o parque que Lugo lle dedicou a poeta máis importante do Rexurdimento galego para lembrala no seu día con poemas.


Mercado de abastos Música e poesía

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega organizou onte no mercado de abastos de Lugo unha velada poética con música e recitado de obras de Rosalía.


Parlamento Galego Reivindicación

Os deputados do grupo autonómico do BNG vestiron onte camisolas co rostro da poeta de Padrón e denunciaron o «apart-
heid lingüístico» que sofre o galego neste Día de Rosalía.

Unha xornada para dicir #EuSonRosalía

► A Galicia territorial e a diáspora festexaron o 178º aniversario do nacemento da poeta auroral do Rexurdimento literario e cultural

► Foi protagonista no parque Rosalía e no mercado de Lugo, na Casa da Matanza en Padrón ou na rúa Ballesta en Madrid

EUROPA PRESS/R.L.

SANTIAGO. Distintos actos celebrados dentro e fóra de Galicia homenaxearon onte a figura de Rosalía de Castro, «alma máter do pobo galego», no día en que se cumpriron 178 anos do seu nacemento. Lecturas, ofrendas e iniciativas máis novidosas lembraron a autora. As redes sociais tiveron o seu protagonismo, coa difusión do hashtag #EuSonRosalía, a proposta da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

A fundación Rosalía, en compañía da Consellería de Cultura e os concellos de Santiago e Padrón, realizou unha homenaxe ante a estatua a Rosalía na Alameda compostelá, onde deixaron dúas coroas de loureiro e os escolares do les Rosalía leron os seus poemas.

Durante o acto, o presidente da fundación, Anxo Angueira, cualificou de «acontecemento extraordinario» o número de actos que onte lembraron a Rosalía, unha muller que «selou para sempre» a relación entre Compostela e

Padrón. «Hai 178 anos nacía en Compostela unha ilusión, un sono, unha esperanza para Galicia, para unha Galicia digna, coa súa cultura, coa súa lingua e coa súa terra», sinalou Angueira.

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, que case que se estreou onte nun acto oficial, referiuse durante a ofrenda floral a que dos mozos e das mozas «depende» a pervivencia do galego.

Hai 178 anos, recordou Rodríguez, nacía «unha persoa que veu cambiar a percepción que se tiña sobre a lingua», unha «valente» que revitalizou un idioma «ata daquela pouco usado en cultura».

«Hoxe, o compromiso coa nosa lingua ten que ser igual de forte que o que tivo Rosalía no século XIX, depende de vós, de que o uses», sentenciou Román Rodríguez, que indicou ante os escolares que «nunca antes tanta xente recibiu formación en galego, e tivo a seguridade de saber ler e escribir en galego». «Usar o galego é a mellor garantía, a mellor homenaxe



Un momento do acto institucional na Alameda compostelá. LA VANDERHAAR / EFE/PEPE TEJERO

que lle podemos facer».

A fundación Rosalía aproveitou o acto para presentar na casa Museo de Padrón o libro CD 'De Cantares hoxe', en colaboración coa Radio Galega, que reúne os poemas inéditos escritos por 36 poetas a partir dos que Rosalía

publicou en 'Cantares gallegos'.

Alguns dos artistas participantes leron en Padrón os seus textos. No acto interviron as profesoras Ana Salgado e María Xesús Nogueira, e foi pechou pola actuación de Najla Shami, compositora galegopalestina que é orixinaria de Taboada.

En distintas cidades, como Lugo, A Coruña e Vigo, a AELG organizou lecturas de poemas, que se repetiron en varias bibliotecas galegas. En Madrid, o grupo Bilbao convocou outra lectura na rúa Ballesta 13, a que foi a residencia de Rosalía na capital española. Asemade, este colectivo animou a agasallar cunha flor e un libro polo Día de Rosalía.

Tamén en Portugal terá presenza mañá o Día de Rosalía, na I Semana Cultural Convergencias Portugal-Galiza, en Braga. Ali acudirán os músicos Uxía e Narf, e o presidente da fundación Rosalía.

Un libro e unha flor

Ao igual que sucede con Sant Jordi en Cataluña, a AELG animou a agasallar un libro e unha flor polo Día de Rosalía

Acto institucional

O recén estreado conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, expresou que dos mozos e das mozas «depende» o futuro da lingua

Casa da Matanza

A música foi protagonista na Casa Museo Rosalía, co disco 'De Cantares hoxe' e a actuación de Najla Shami

No 'doodle' de Google e tendencia nas redes sociais

O buscador de internet Google dedicoulle o seu 'doodle' de onte á poetisa galega Rosalía de Castro, con motivo do 178 aniversario do seu nacemento. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, asegurou onte en Lugo

que se trata dun feito histórico e apuntou que a Xunta xa o solicitara «hai dous anos». «Foi toda unha sorpresa a confirmación hais dous días», apuntou García.

Google é o buscador máis importante en internet de todo o mundo e levou o rostro de Rosalía e un anaco do seu poema 'Adiós, ríos; adiós, fontes', tanto na súa páxina en galego como nas versións en castelán, catalán e euskera. A visibilidade desta pla-



taforma empregada por milleiros de persoas permitiu que Rosalía de Castro fose 'trending topic' en Twitter durante toda a xornada de onte, desde que ás 24.00 horas do martes a figura de Rosalía se asomou ao buscador.